

que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 06220

#### DECRETO NÚMERO 1.298/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, vinte e tres de novembro de dous mil dez.

De conformidade co previsto na base undécima das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas polo acordo nº 16/573 da Xunta de Goberno Local, de data do 18-6-2008, e modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009, e ó terse rematado o prazo de presentación de instancias do procedemento selectivo convocado, para a cobertura de unha praza de oficial carpinteiro/a pertencente ó cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal; en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente,

#### RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-las listas de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto nº 828/2010, do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, de data 28 de xullo do 2010, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 181, do 9 de agosto do 2010, que de seguido se indican:

#### ADMITIDOS:

|                                   |            |
|-----------------------------------|------------|
| BUIDE ABRAIRA, DIEGO              | 33541916-G |
| CARBALLEIRA LÓPEZ, GERARDO        | 33535494-E |
| CASTRO FERNÁNDEZ, DIEGO           | 33337771-F |
| FERNÁNDEZ DÍAZ, LUIS              | 22726312-N |
| FERNÁNDEZ LORENZO, MARIO          | 33316196-Y |
| GIL CASTRO, JOSÉ MANUEL           | 33344890-L |
| GONZALEZ PIN, FRANCISCO           | 33535967-N |
| GONZALEZ REGUEIRO, JAVIER         | 33333845-Z |
| LODOS PIÑEIRO, PABLO              | 33349691-J |
| LÓPEZ FERNÁNDEZ, ANTONIO          | 33316225-N |
| MAZOY FERNÁNDEZ, FRANCISCO JAVIER | 33859139-B |
| MONTESERÍN BARRERO, JESUS         | 09359408-H |
| RIVEIRA ALVAREZ, JOSÉ ALBERTO     | 33992905-D |
| TORRES LÓPEZ, JOSÉ LUIS           | 33845298-Q |
| VÁZQUEZ LÓPEZ, JORGE              | 44846107-V |
| VIGO DUARTE, JOSÉ RAMÓN           | 33304019-L |

#### EXCLUIDOS.

POR NON APORTAR NIN O DNI NIN A TITULACIÓN:

|                            |            |
|----------------------------|------------|
| FERNÁNDEZ SAAVEDRA, MANUEL | 33852299-W |
|----------------------------|------------|

Segundo.- Sinalar un prazo para enmendas de dez días hábiles (de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro), contados a partir do seguinte á publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

R. 06239

#### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24 de novembro de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL "SERRA DE OUTES" DO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

- 1.- Entidade adxudicadora.
- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- 2.- Obxecto do contrato.
- a) Descrición do obxecto: A prestación dun servizo de cociña para a escola infantil municipal Serra de Outes.
- b) Prazo de execución: DOUS ANOS, podendo ser obxecto de prórroga por outro período de UN ANO, sen que a duración total do contrato incluída a prórroga, poida exceder de TRES ANOS.
- 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- 4.- Tipo de licitación.
- a) Orzamento máximo do contrato: O valor estimado total do contrato ascende á cantidade de 169.653,51 euros, polo que sumado o 8% de IVE (13.572,28 euros) resulta un presuposto total de 183.225,79 euros.
- 5.- Garantías: non se esixe garantía provisional.
6. Obtención de documentación e información.
- a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.
- c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.
- d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.
- e) Telefax: (982) 29-72-59.
- f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servizos: Perfil do contratante).
- g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
- 7.- Requisitos específicos do contratista.
- a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.
- 8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.
- a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.
- c) Lugar de presentación:
- 1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.
- 2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 120,9 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 1 de decembro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 06303

#### Anuncio

Estando en trámite neste Concello, expediente para a MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA PARA TRANSMITIR A TITULARIDADE DA PARCELA E 10 D DO POLÍGONO SUR-K, PROPIEDAD DO CONCELLO DE LUGO, Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PRA DESTINALA COMO FINCA PARA ACTIVIDADES DE PRÁCTICAS E INVESTIGACIÓN, de conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, expónse ó público polo prazo de VINTE DÍAS hábiles, para os efectos do seu exame e reclamacións.

O expediente atópase de manifesto no Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, sito no Centro de Servizos Municipais, na Ronda da Muralla, nº 197, 3ª planta, en horario de oficina.

Lugo, 30 de novembro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 06304

#### PARADELA

#### Anuncio

Solicitando desta Alcaldía D. JOSE ANTONIO PEREZ LOPEZ, licenza municipal para "proyecto constructivo de NAVE AVICOLA", situado en finca "A Bañadoiras"- Acevedo-Castro de Rei (Paradela), cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte